



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

SEC 2016-182

LUDOLAZATE - LUDOTECA DE VERAN PARA NENOS 2016

En Laza a, 4 de Xullo de 2016

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO PARA A SELECCIÓN DOS MONITORES PRECISOS PARA O PROGRAMA ludoLAZate 2016, DO CONCELLO DE LAZA CON BOLSA DE CONTRATACIÓN ENTRE OS ASPIRANTES NON SELECCIONADOS.

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria.

1. O obxecto das presentes bases é regular a contratación por este concello dos monitores precisos para o programa "ludoLAZate 2016", con bolsa de contratación entre os aspirantes non seleccionados.
2. O contrato que se subscribirá é o que regula o artigo 15.1.a) do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.
3. Funcións: Encargados de dirixir e prestar os servizos de monitor de ocio e tempo libre nunha ludoteca de verán, que funcionará dende o 15 de xullo ata o 15 de agosto.

SEGUNDA. Bases específicas.

1. Número de prazas: As precisas según a inscrición dos nenos na actividade, quedando unha bolsa de traballo entre os aspirantes que non son seleccionados.
2. Categoría profesional: Monitor Socio-cultural do Concello de Laza.
3. Duración: 1 mes.
4. Contrato laboral a formalizar: obra ou servizo determinado.
5. Xornada laboral: Media xornada.
6. Salario bruto mensual: **480,00 €** (incluídos tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias).

TERCEIRA. Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes a tomar parte no concurso deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dalgún Estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como extranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa
- c) Estar en posesión do título de Monitor Socio-Cultural ou título de monitor de ocio e tempo libre, ou estar en posesión dalgún título de diplomatura, licenciatura ou equivalente, relacionado co posto.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

funcións públicas.

e) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.

Todos estes requisitos deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes.

CUARTA.- Criterios de selección, puntuación e xustificación.

Os méritos a valorar, segundo a puntuación e acreditación que se especifica, son os seguintes:

1. Experiencia profesional: Máximo 3 puntos.

- Valorarase o currículo de cada un dos aspirantes, para elo, presentarán o currículo acompañado das fotocopias compulsadas dos documentos acreditativos dos méritos alegados polo aspirante en canto á titulación requirida, cursos de formación e experiencia laboral relacionados co posto a cubrir.

- VALORACIÓN DE CURRÍCULUM (MAXIMO 3 PUNTOS)

1.- Experiencia:

Por cada mes de traballo nun posto similar: 0,50 punto hasta un máximo de 2 puntos.

2.- Formación Complementaria:

Por cada curso de formación realizado en relación co perfil do posto a desempeñar: 0,50 por cada curso realizado. Máx. 1 punto

2. Proxecto de actividades: Máximo 4 puntos.

- Deberán de presentar, xunto coa instancia, un Proxecto coas actividades que se pretenden desenvolver dentro da actividade da ludoteca, un proxecto - resume de non máis de 5 folios a dobre espacio e por unha sola cara).

3. Entrevista persoal: Máximo 2 puntos.

- Co obxecto de valorar a idoneidade para a praza ofertada, celebrarase unha entrevista persoal, a cal valorarase de 0 a 2 puntos.

4. Empadronamento: 1 punto.

- Por estar empadronado no Concello de Laza e/ou coñecer física e demográficamente o mesmo, 1 punto.

QUINTA. Forma e prazo da presentación de solicitudes.

1. As solicitudes para participar no presente concurso presentaranse, conforme ó modelo que figura como anexo I das presentes bases, no prazo de **dous (2)** días naturais no rexistro xeral do concello, en horario de 9 a 14 h., ou na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía fax ó concello, que deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

traballo.

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións totais obtidas.

A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de contratación.

De acordo coa relación, elevarase ao Alcalde, ademáis da acta da sesión, a proposta de nomeamento dos aspirantes aprobados, procedendo o Alcalde ó nomeamento dos aspirantes seleccionados, efectuándose a formalización do correspondente contrato laboral.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Para efectuar esta proposta, a comisión avaliadora poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

ANEXO I: Modelo de instancia

NOME E APELIDOS _____

DNI _____ DATA NACEMENTO _____

C/ _____

LOCALIDADE _____ PROVINCIA _____

CODIGO POSTAL _____ TELEFONO _____

EXPON:

Que tendo coñecemento da convocatoria para a selección de:

- Monitor do Programa ludoLAZAte 2016.

Considera reunir os requisitos esixidos nas bases de dita convocatoria e achego a documentación precisa para elo; e polo que,

SOLICITA:

Ser admitido o proceso de selección para a praza de.

- Monitor do Programa ludoLAZAte 2016.

Laza ___ de _____ de 2016

Asdo. _____



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LAZA.

ANEXO II: Modelo de declaración xurada

D./Dña....., con DNI
..... e domicilio
en....., declaro que
reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou
incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación
vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das
Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades
Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou
cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou
para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora
separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de
monitores para o Programa "ludoLAZAte 2016", asino a presente declaración, baixo a miña
responsabilidade, en Laza,.....de.....de 2016.

(Asinado polo/a interesado/a)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE LAZA

O Alcalde,

Asdo. José Ramón Barreal Novo